



## ANUNCIO

A Alcaldía con data 06-06-2024, ditou a Resolución 696/2024 que a continuación se transcribe:

### "RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**ASUNTO:** NOMEAMENTO DE SILVIA CAMEAN CALVETE COMO FUNCIONARIA INTERINA

EXPTE: BOLSA DE TRABALLO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TÉCNICO/A SUPERIOR DE IGUALDADE A1 (ÁREA XURÍDICA) APROBADA POR RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 246/2024, DO 06/03/2024

EXPTE. TEDEC: 2023/E001/000011

### ANTECEDENTES

1. Por Resolución de Alcaldía núm. 246/2024, do 06/03/2024, aprobouse a bolsa de traballo para a cobertura de postos de TS de Igualdade A1 (área xurídica), como funcionario/a interino, que quedou constituída polas seguintes persoas:

	EXPTE. TEDEC	DNI*	APELIDOS	NOME	PUNTOS
1ª	2023/E002/000072	***7463**	CAMEAN CALVETE	SILVIA	62,15
2ª	2024/E002/000001	***5643**	LAZO FUENTES	XIOMARA E.	58,00
3ª	2024/E002/000003	***2680**	SANTOS LAGO	LUCÍA	53,50

2. O Concello de Vimianzo ten concedida unha subvención ao abeiro da convocatoria Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento do persoal técnico nos servizos municipais de Igualdade de Xénero (FOAI/2024) . No BOP núm. 30, do 09/02/2024 publicouse a resolución definitiva cunha concesión asignada ao Concello de Vimianzo de 22.000,00 euros (100%).
3. Concello de Vimianzo desexa cubrir o servizo durante un período subvencionado, ata o 31/12/2024.
4. Considérase que se respecta o estipulado no artigo 20 da Lei 22/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogados automaticamente para 2024, en virtude do establecido no artigo 134.4 da Constitución Española, dada a necesidade urxente e inaprazable de atender aos requirimentos deste servizo dado, por unha parte, que se perdería a axuda concedida e, por outra, que se deixaría de contar con este servizo, necesario tendo en conta os compromisos

derivados dos ODS 2030 e das políticas públicas en materia de igualdade e introdución da perspectiva de xénero na acción local.

5. Tense en consideración o contido do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Vimianzo para o período 2022-2026, que recolle, dentro dos Obxectivo específico 1.2.:

*Promover a creación dun departamento específico de igualdade que traballe na promoción da igualdade e na prevención e intervención en violencia de xénero.*

6. Tense en conta que é preciso proceder ao nomeamento dunha técnica de Igualdade para cubrir un posto dentro do programa subvencionado pola Deputación e que previamente se debe levar a cabo o chamamento.
7. Consta no expediente a providencia de Alcaldía, con data do 29/05/2024, relativa ao inicio das xestións para realizar o chamamento.
8. A Alcaldía, con data 30/05/2024, ditou a Resolución 664/2024, que aprobou o chamamento de Silvia Camean Calvete, para a cobertura do posto antes citado, e o seu anuncio publicouse na sede electrónica do Concello de Vimianzo con data do 31/12/2024.
9. Consta no expediente 2023/E002/000072 a documentación de aceptación e a indicada na base 10ª con data do 31/05/2024.
10. Consta o informe favorable da técnica de Desenvolvemento Local, do 04/06/2024, sobre a dita documentación.
11. Consta o informe favorable do interventor municipal con data do 05/06/2024.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- O artigo 10 do TREBEP, dedicado aos funcionarios interinos, establece no seu punto 1 en que circunstancias poden ser nomeados. A provisión de postos como funcionarios interinos para a execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, está regulada no artigo 10.1.c) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo RDL 5/2015, de 30 de outubro.
- As funcións do posto son de competencia municipal tendo en conta os artigos 7 e 25 da LBRL.
- Tense en consideración o contido das bases nove e dez do texto aprobado por Resolución de Alcaldía 1725/2023 do 11/12/2023.
- O artigo 20 da Lei 22/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2023, prorrogados para o 2024, establece que a selección de persoal con carácter temporal esixe a xustificación do órgano competente sobre a súa necesidade e urxencia.



- Considérase a atribución concedida á alcaldesa polo artigo 21.1 g) h) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime Local.

Por canto antecede, RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Declarar a urxencia da contratación en concordancia co estipulado no artigo 20 da Lei 22/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogados automaticamente para 2024, en virtude do establecido no artigo 134.4 da Constitución Española, dada a necesidade de atender aos requirimentos deste servizo.

**SEGUNDO.-** Dispoñer o nomeamento de Silvia Camean Calvete, con DNI [REDACTED] como funcionaria interina, para a cobertura do posto que se detalla a continuación:

<b>Descrición da praza (Art. 10, 1c do TREBEP)</b> Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento do persoal técnico nos servizos municipais de Igualdade de Xénero (FOAI/2024)
Denominación: Técnico/a Superior de Igualdade, área xurídica
Relación: Funcionaria interina Escala de Administración Especial Subescala: Técnica, clasificada no Grupo A Subgrupo: A1 Nivel de complemento de destino: 20 Complemento específico (estimado): 615.96 €
Xornada: completa Data de inicio: 10/06/2024 Duración: ata 31/12/2024

[...]"

Vimianzo, 6 de xuño de 2024

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez